



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



“Os parruliños coñecen a rúa”

Actividades para Educación Infantil

A Educación Infantil comprende as idades de 0 a 6 anos estando organizada en dous ciclos: o primeiro de 0 a 3, e o segundo de 3 a 6 anos. Deseñamos obxectivos e actividades específicos de educación viaria para cada ciclo. Aínda que as competencias básicas non se inclúen como elemento curricular, si se considera que nesta etapa séntanse as bases para o desenvolvemento persoal e social, e intégranse aprendizaxes necesarias para o posterior desenvolvemento das competencias básicas en todo o alumnado, baixo esta premisa, **incentívase principalmente o coñecemento do seu ámbito inmediato, integrando neste á Policía Local como axente social próximo e colaborador.**

EDUCACIÓN INFANTIL

Actividade para alumnado de

3 e 4 anos

OBXECTIVOS:

- Distinguir comportamientos adecuados na súa seguridade viaria.
- Aprender e relacionar vocabulario de educación viaria.
- Integrar a conduta de mirar 3 veces antes de cruzar.
- Recoñecer a figura da Policía Local como persoa cercana do seu entorno próximo en quen poden confiar.

ACTIVIDADES:

As actividades para esta idade están organizadas en **2 SESIÓNS:**

1ª SESIÓN: Traballo na aula previo á visita da Policía Local:



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



- **Fichas.** Para que os nenos e nenas activen coñecementos previos, que comecen a identificar e recoñecer vocabulario e imaxes relacionadas coa educación viaria.
- **Vídeo en inglés.** Aqueles centros que teñan interese, se lles facilitará un vídeo en inglés utilizado en Reino Unido para traballar con estas idades, para aprender a identificar palabras e elementos do tráfico neste idioma.
- **Gorra de policía.** Facilitase un patrón de gorra de policía para facer en goma eva, ao chegar á policía á aula levará unhas pegatinas co escudo da Policía Local de A Coruña que se pegarán na gorra que o alumnado poderá levar á súa casa de recordo da actividade.

2ª SESIÓN: Visita da Policía Local á aula:

- Presentación e explicación das funcións da Policía Local, nunha charla aberta, na procura dunha boa interacción do grupo coa policía, por isto buscarase situar ao alumnado nun corro arredor dela .
- Visionado dos vídeos de debuxos animados de educación viaria, coa temática de como cruzar os pasos de peóns con e sen semáforo.
- Xogo simbólico, cunha alfombra de paso de peóns e un semáforo, simularase á rúa para aprender a cruzar de forma segura.
- Visita de motoristas para que coñezan e poidan fotografarse sobre a moto policial.

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 2 horas.

RECURSOS:

- Proxector e reprodutor de vídeo.

EDUCACIÓN INFANTIL

Actividade para alumnado de



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



5 anos

OBXECTIVOS:

- Integrar na súa conducta normas básicas de seguridade viaria.
- Aprender que facer se se perden.
- Tomar conciencia dos elementos do tráfico que hai na rúa.
- Relacionar a figura da Policía Local co tráfico e a seguridade viaria e cidadá.

ACTIVIDADES:

As actividades para esta idade están organizadas en **3 SESIÓN:**

1ª SESIÓN: Traballo na aula previo á visita da Policía Local:

- **Fichas.** Para que os nenos e nenas activen coñecementos previos, que comecen a identificar e recoñecer vocabulario e imaxes relacionadas coa educación viaria.
- **Vídeo en inglés.** Aqueles centros que teñan interese, poden solicitar un vídeo en inglés deseñado para infantil, para aprender a identificar palabras e elementos do tráfico neste idioma.
- **Gorra de policía.** Facilitase un patrón de gorra de policía para facer en goma eva, ao chegar á policía á aula levará unhas pegatinas co escudo da Policía Local de A Coruña que se pegarán na gorra e o alumnado poderá levar á súa casa de recordo da actividade.

2ª SESIÓN: Visita da Policía Local á aula:

- **Presentación e explicación do traballo da Policía Local,** cunha metodoloxía participativa para o que se sentará ao alumnado arredor da policía.
- **Vídeos de educación viaria** para infantil dirixidos a aprender a cruzar o paso de peóns, uso do cinturón de seguridade e do casco na bicicleta.
- **Xogo simbólico:** cunha alfombra de paso de peóns e un semáforo, farase unha representación do xeito seguro de cruzar.



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



3ª SESIÓN: Saída á rúa:

Percorrido polos arredores do centro para levar á práctica o aprendido na aula. Para esta actividade utilízanse chalecos policiais amarelos e a gorra que fixeron previamente na aula co escudo policial. Buscamos coñecer normas básicas como peóns: cruzar a rúa polos pasos de peóns, non correr pola beirarrúa, mirar 3 veces antes de cruzar, regular o tráfico...

Sempre se solicita a colaboración de polo menos 2 adultos

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 2 horas.

RECURSOS NECESARIOS DO CENTRO EDUCATIVO:

- Materiais: proxector e reprodutor de vídeo.
- Humanos: 2 ou máis adultos para facer o percorrido ao redor do centro. Poden ser familia ou profesorado. **(No caso de non poder contar con esta colaboración, non se poderá facer a saída)**